

COÑECE e CAMIÑA (2 de outubro de 2016)

RUTA DA RIBEIRA SACRA DO MIÑO – DE CIMA DE ATÁN A SAN MARTIÑO DA COVA

O percorrido forma parte do PR-G 162. Imos facer 19 km dende a Cima de Atán (Ferreira de Pantón) ata as Adegas de Moure e Abadía da Cova.

O sendeiro ten moitos cambios de nivel, con continuas subidas e baixadas polo que o clasificamos coma de dificultade media, e resulta imprescindible levar calzado con bo agarre (recoméndanse botas).

Gran parte da ruta vai entre coidadas ringleiras de socalcos, comunicados por pequenos grupos de chanzos, e estreitos camiños de pedra que serven para a extracción da uva. Tamén nos acompañarán soutos, bosques de érbedos e sobreiras.

Comeza o percorrido en Cima de Atán, descendendo nalgún anaco polos restos dunha antiga calzada romana; entre vides e con fermosas vistas ao Miño chegamos a igrexa románica de San Estevo de Atán, que pertenceu orixinariamente a un mosteiro fundado polo bispo Odoario no século VIII. A construción actual data da época románica, dos séculos XII e XIII. A torre derrubouse no século pasado, e foi reconstruída con restos prerrománicos entre os que destacan celosías pétreas e signos lapidarios dos arcos e muros do mosteiro.

O sendeiro continúa pola aldea de Seoane, onde aínda se conservan eiras nas que se mallaba o cereal; chegaremos ao rego de Aguianza para máis adiante coller o desvío á Fervenza de Augacaída, salto de máis de 40 metros. Por un pequeno desnivel baixaremos ata o fondo da Fervenza.

Retomamos o sendeiro para ir a aldea de Marce, na que destaca a súa torre do reloxo, construída en 1950 polos veciños e que veremos ao lonxe; tamén veremos uns sorprendentes arcos na denominada Casa Cicerón que descubrimos grazas a unha encantadora veciña de Marce. Máis adiante chegaremos ao miradoiro do Castelo ou das Marabillas, que ofrece unha vista de 180º do río Miño, coa igrexa románica de Chouzán na outra ribeira.

Retomando o sendeiro pasaremos xunto á aldea de A Millara, exemplo de rehabilitación “con sentidiño” e recuperación de adega tradicional.

Acadamos a área recreativa da Maiorga, embarcadoiro do catamarán dos Peares – Belesar, lugar ideal para darse un baño, xantar e tomar unha cervexiña.

Neste sube e baixa que forma parte de todo o percorrido, ascendemos ata a aldea O Carballo pasando ao carón da igrexa de Santo André de Ribeiras de Miño para adentrarnos nun fermoso bosque que nos levará ao pobo de Arxuá e continuar o camiño ata o Priorato de San Martiño da Cova. Esta Igrexa foi construída a finais do século XII - principios do XIII, pero sofre reformas posteriores. A fachada ten unha portada enmarcada nun arco de medio punto. Aquí agárdanos o bus pero antes iremos ata as Adegas Moure e Abadía da Cova, e alí disfrutaremos das fermosas vistas do “Cabo do Mundo”. O Cabo do Mundo é unha península que obriga ao cauce do río Miño a dar unha pechada curva que compón unha paisaxe abraiante. Se chegamos con tempo faremos unha visita a adega.

Nivel de dificultade: media Técnica: baixa Distancia aprox: 19 km